



ACTA N° 2022/10

Sesión ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da Casa do Concello, xoves, 3 de novembro de 2022

No día indicado, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D. Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D.^a María Jesús Barbeira Pose

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzas Suárez

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMIANZO

D. Manuel Lorenzo Hermida

D. Francisco Javier Trillo Pazos

Dna. Marta Rey traslada que por motivos laborais non pode asistir á celebración plenaria D. Manuel Lorenzo Hermida e D. Francisco Javier Trillo Pazos. Así mesmo a Alcaldesa-Presidenta traslada que o concelleiro D. Miguel Ángel Pérez Méndez, chegará máis tarde por motivos laborais.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como presidenta, declara aberta a sesión.



Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2022.

2º. Ditame sobre solicitude de bonificación de cuota de ICIO que se debe aboar por mor das obras de legalización de explotación gandeira existente e construción de fosa de purín, situada en Sansobre, Vimianzo.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o mércores, 26 de outubro de 2022, que se reproduce a continuación e explica o procedemento:

“1. Proposta de ditame sobre solicitude de bonificación de cuota de icio que debe aboar por mor das obras de legalización de explotación gandeira existente e construción de fosa de purín, situada en sansobre, vimianzo

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 19 de outubro de 2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO a Granxa Trillo, SC pola solicitude de licenza municipal para levar a cabo a legalización de explotación gandeira e construción de fosa de purín, situada no lugar de Sansobre, parroquia de Vimianzo

Visto expediente núm. 2022/X998/000064 promovido por Granxa Trillo, SC, representada por D.^a María Belén Martínez Bouzón, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 61 do 2 de abril de 2018.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoureiro accidental, na data do 16 de setembro de 2022 e no que se di o seguinte: **“ASUNTO: Informe para bonificación de ICIO en relación ás obras de legalización de explotación gandeira e construción de fosa de purín, situada no lugar de Sansobre, parroquia de Vimianzo, promovidas por GRANXA TRILLO SC, CIF. J15925613 Expte. TEdC 2022/X998/000064**

MANUEL VICENTE ANTELO SANTOS, Tesoureiro accidental do Concello de Vimianzo (A Coruña).



ANTECEDENTES

Expediente sobre “**solicitud de licenza de obras de ilegalización de explotación gandeira e construción de fosa de purín, situada no lugar de Sansobre, parroquia de Vimianzo** promovidas por **GRANXA TRILLO SC, CIF. J15925613**.”

Providencia da Alcaldía de data 06/09/2022 sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos Servizos económicos).

Ordenanza Fiscal num. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (BOP nº 175 do 15 de setembro de 2016 e BOP nº 61 do 2 de abril de 2018):

Artigo 6º.- Bonificacións e deducións

“6.1.– Establécese unha bonificación do 40% da cota do imposto en favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.2.– Establécense bonificacións por concorrer circunstancias de fomento do emprego de ata o 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se realicen no Parque Empresarial de Vimianzo; ou que sexan realizadas por agricultores ou gandeiros e que queden afectas a dita actividade durante un prazo de dous anos dende o remate das obras.

Para ter dereito a esta bonificación alomenos o 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con domicilio fiscal en Vimianzo. As bonificacións que se establecen son as seguintes:

a) Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo, e mais do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto.

b) Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos seis meses) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo, a porcentaxe da bonificación determinarase en función do orzamento de execución material e do número de novos postos de traballo creados, de acordo coa seguinte táboa:

Puntuación dos requisitos

Orzamento de execución material	Puntos	Postos de traballo de nova creación	Puntos
Ata 150.000 euros	1	1	4
De 150.0001,01 a 200.000 euros	2	2	5
De 200.0001,01 a 250.000 euros	3	3	6
De 250.0001,01 a 300.000 euros	4	4	7
Máis de 300.000 euros	5	5 ou máis	8

Porcentaxe de bonificación

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

Puntos	% Bonificación
5	50%
6	60%
7	70%
8	80%
9	95%

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitude da bonificación deberá achegarse unha memoria explicativa da construción a realizar e da iniciativa empresarial proxectada, na que se inclúa unha estimación do orzamento de execución material, pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. No caso dos agricultores e gandeiros, deberán acreditar a súa condición.

.../..."

INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal num. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: GRANXA TRILLO SC CIF. J15925613

Enderezo social: LUGAR SANSOBRE, NUM. 14 15129 VIMIANZO (A Coruña)

Enderezo fiscal: LUGAR SANSOBRE, NUM. 14 15129 VIMIANZO (A Coruña)

(Aporta no expediente copia da Tarxeta de Identificación Fiscal da citada empresa con Código Electrónico de verificación na Axencia Tributaria con número 29B7RCK4BVGPCUYC).

Consta certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da AEAT indicando que a empresa está de ALTA desde o 30/07/2004 no grupo ou epígrafe/sección: B01 – actividade agrícola e dita actividade se desenvolve en Vimianzo (*Código Electrónico de verificación na Axencia Tributaria con número UP4VC6JQPYXVYUUR*).

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal num. 16).- Bonificacións e deducións

A.- Referente a "**Bonificación do alomenos do 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con enderezo fiscal en Vimianzo**".

Aporta no expediente unha memoria de obras asinada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Manuel Domingo Rodríguez Caamaño onde no **punto III.- OBRAS A REALIZAR DEL PROYECTO POR EMPRESAS CON DOMICILIO FISCAL EN VIMIANZO** indica tres empresas.

Examinado o padrón do IAE DO CONCELLO DE VIMIANZO EXERCICIO 2022 compróbase que:

% Obra	EMPRESA	CIF.	RESULTADO
14,15%	PEREZ REY SL	B15353535	Non consta en Vimianzo
20,86%	FERRALLA TABOADA SLL	B15775307	Sí figura. [314.2 FAB. ESTRUCTURAS METALICAS]
15,83%	TRANSPORTES MOVIMIENTOS SANTA CRISTINA SL	B70481247	Non consta en Vimianzo

Consecuentemente, NON CUMPRE o requisito do apartado A.–

B.– Referente a “*Cando o suxeito pasivo do imposto teña o enderezo fiscal en Vimianzo, e máis do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto*”.

Aporta no expediente a relación de traballadores do promotor no que achega un Informe de vida laboral da empresa de data 16/08/2022 – Referencia A1572208000001 Huella 5A8ZCH6Q e cos datos seguintes:

DNI	NOME E APELIDOS	ENDEREZO
Y8175677L	BAYO KAOUSSOU	Rúa Antonio Vázquez Mouzo, 28 2º D – VIMIANZO

Examinado o Volante de Empadramento individual de data 16/09/2022 que consta no expediente, a citada empresa **CUMPRE a porcentaxe de máis do 50% do persoal empadreado en VIMIANZO** xa que o único traballador da empresa ten enderezo no Concello de Vimianzo e tendo en conta a Ordenanza fiscal num. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo, especifica taxativamente que “*a) Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo, e máis do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto*”).

C.– Referente a “*Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos seis meses) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo .../...*”

NON consta documentación algunha ao respecto no expediente.

CONCLUSIÓN

Tendo en contado o exposto anteriormente, a porcentaxe que se lle podería aplicar como bonificación do ICIO no expediente de referencia é de:

B.– “Bonificación do 95% da cota do imposto cando o suxeito pasivo do imposto teña o enderezo fiscal en Vimianzo, e máis do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo”.



En todo caso, este é o meu informe que somete a calquera outro con mellor criterio fundado en dereito. Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis oportuno.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo o presente informe electronicamente.

O Tesoureiro accidental

⁽¹⁾ Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales

Artículo 78 Naturaleza y hecho imponible

1. *El Impuesto sobre Actividades Económicas es un tributo directo de carácter real, cuyo hecho imponible está constituido por el mero ejercicio, en territorio nacional, de actividades empresariales, profesionales o artísticas, se ejerzan o no en local determinado y se hallen o no especificadas en las tarifas del impuesto.*

2. *Se consideran, a los efectos de este impuesto, actividades empresariales las ganaderas, cuando tengan carácter **independiente**, las mineras, industriales, comerciales y de servicios. No tienen, por consiguiente, tal consideración las actividades agrícolas, las ganaderas **dependientes**, las forestales y las pesqueras, no constituyendo hecho imponible por el impuesto ninguna de ellas.*

A efectos de lo previsto en el párrafo anterior, tendrá la consideración de ganadería independiente el conjunto de cabezas de ganado que se encuentre comprendido en alguno de los casos siguientes:

- a)** *Que pascen o se alimenten fundamentalmente en tierras que no sean explotadas agrícola o forestalmente por el dueño del ganado.*
- b)** *El estabulado fuera de las fincas rústicas.*
- c)** *El trashumante o trasterminante.*
- d)** *Aquel que se alimente fundamentalmente con piensos no producidos en la finca en que se cría."*

Considerando que nas obras que se pretende legalizar e realizar (explotación gandeira e construción de fosa de purín, situadas en Sansobre, parroquia de Vimianzo) concorre un especial interese municipal, por existir circunstancias sociais que determinan a necesidade de que no actual entorno de crise se apoie ao sector primario dalgún xeito, dado o recorte progresivo que se está a producir na marxe de beneficio que deriva das actividades agrícolas e gandeiras.

Tendo en conta ademáis o carácter eminentemente rural do noso concello e que o sustento de moitas familias deriva das rendas obtidas pola realización deste tipo de actividades.

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Granxa Trillo, SC, representada por D.^a María Belén Martínez Bouzón, unha bonificación do 95,00 % da cota do ICIO para a legalización das obras de explotación gandeira e construción de fosa de purín, situadas no lugar de Sansobre, parroquia de Vimianzo, recoñecendo o especial interese municipal das obras realizadas e as que se van realizar.



SEGUNDO.- Notificar este acordo á interesada e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos membros presentes, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

3º. Proposta non ditaminada sobre modificación do artigo 5 da Ordenanza fiscal nº. 8 reguladora do imposto de bens inmobles. Expte. 2022/G016/000001.

O secretario da Corporación lee a proposta da Alcaldía de data 24 de outubro de 2022, que se transcribe literalmente e explica a finalidade e procedemento da modificación proposta así como a necesidade de votar a súa inclusión para o debate e votación:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: modificación da Ordenanza fiscal nº8 reguladora do imposto dos bens inmobles. Expte.:2022/G016/000001.

Visto o informe do A.D.R. do 24/10/2022 do concello recomendando a modificación da ordenanza nº8 Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles) en concreto o artigo 5 según se transcribe literalmente

“Artigo 5

En virtude do artigo 74.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, aplicarase unha bonificación do 40% na cota íntegra do imposto, para os bens de natureza urbana, a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, previa solicitude do interesado e previa acreditación por parte do mesmo desa condición, sempre e cando os bens inmobles sobre os que se pretenda aplicar a bonificación non teñan un valor catastral superior ós 120.000 euros.

Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso relacionado e complementario das actividades



agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 75 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmovible se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.

Para poder aplicar esta bonificación á construción cuxa existencia motiva a súa solicitude, deberá estar dada de alta debidamente en Catastro e ter asinado un valor catastral económico.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.
- Declaración de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.

O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

A bonificación será aprobada, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local (por delegación do Pleno) previo informe técnico."

Visto o informe de Secretaría do 24/10/2022 con relación a modificación proposta, procedemento e a lexislación aplicable para proceder á aprobación modificación da Ordenanza nº8



Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno en virtude do artigo 22.2 d da lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local e o art. e 17 do TRLFL, propónse a este, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación do artigo nº5 a ordenanza fiscal nº 8 (Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles) que se sinala nos antecedentes.

Segundo. Someter a dita modificación do artigo nº5 a información pública e audiencia dos interesados con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncio do Concello, polo prazo de 30 días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo pleno.”

Pásase á votación da inclusión da proposta non ditaminada, con unanimidade a favor.

A alcaldesa-Presidenta traslada que se trata de recoller as bonificacións que seguirán a mesma liña que as existentes, concretamente refírese ás familias numerosas co fin de actualizar as rendas.

Entra o concelleiro, D. Miguel Ángel Pérez Méndez.

D^a. Raquel Rodríguez está de acordo sempre que se cumpran os requisitos previstos para estas bonificacións.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes.

Queda por tanto aprobado o ditame da aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 5.

B) Sección de control

4º. Dación de conta de acordos da Xunta de Goberno Local sobre asuntos delegados polo Pleno.

4.1. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/10/2022 sobre a modificación do contrato administrativo do servizo de axuda no fogar do Concello de Vimianzo. Exp. 2021/C004/000002.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2022, sobre a modificación do contrato administrativo do servizo de axuda no fogar do Concello de Vimianzo, que se transcribe literalmente:

“1. Proposta de ditame sobre modificación do contrato administrativo do servizo de axuda no fogar do Concello de Vimianzo. Exp. 2021/C004/000002.



O concello de Vimianzo formalizou coa empresa Mayores Servicios Sociales,S.L., en data 15/11/2021, o contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vimianzo.

Consta no expediente informe da responsable do contrato, de data 12/09/2022, ao respecto da necesidade de tramitación dun modificado do contrato, que conclúe: "(...)Tendo en conta todo o exposto neste informe, sobre todo a análise feita da evolución do SAF ao longo destes meses, considero que se fai preciso e necesario que se leve a cabo una modificación do contrato nos termos recollidos nas liñas anteriores deste informe.(...)"

Consta informe xurídico, de data 14/09/2022, en sentido favorable á modificación do contrato.

Consta no expediente informe emitido pola intervención municipal, en data 13/09/2022, en sentido favorable, que sinala: "**INTERVENCIÓN XERAL.**

INFORME DE FISCALIZACIÓN

OBXECTO DO EXPEDIENTE:

OBXECTO DO EXPEDIENTE: Modificación do contrato administrativo do servizo de axuda no fogar do Concello de Vimianzo,

Adxudicatario: *Mayores Servicios Sociales, S.L., con CIF núm.B-15856941*

Tipo de procedemento: *procedemento aberto*

Expediente: *2021/C004/000002*

Importe contrato inicial: *TOTAL (anual): 558.140,70 euros (IVE incluído)*

TOTAL (2 anos): 1.116.281,4 euros (IVE incluído)

Importe modificación: *TOTAL (anual): 111.628,14 euros (IVE incluído) modificación do 20%.*

TOTAL (2 anos): 223.256,28 euros (IVE incluído)

NORMATIVA APLICABLE:

Artigos 212 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004.

Lei 9/2017, de contratos do sector público.

RD 424/2017, de 2 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local.

Bases de execución do orzamento

Con carácter supletorio, a Resolución de 25 de xullo de 2018 da Intervención Xeral da Administración do Estado, especialmente os apartados primeiro e segundo 1.2).

INFORME DE FISCALIZACIÓN DO GASTO

Conforme ao artigos 212 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, o RD 424/2017, de 2 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local, bases de execución do orzamento e, con carácter supletorio, a Resolución de 25 de xullo de 2018 da Intervención Xeral da Administración do Estado, procede a fiscalización plena do expediente, sinalando os seguintes extremos esenciais:

1º. Extremos de xeral comprobación:

EXTREMOS	COMPROBACIÓN QUE SE FAI
<p>1. Existencia de crédito orzamentario, e que o proposto é o adecuado e suficiente á natureza da obriga que se pretende contraer.</p> <p>Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual ou, no seu caso, de tramitación anticipada comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 TRLFL.</p>	<p>Aplicación orzamentaria:</p> <p>Documento RC 231 22799</p>
<p>2. Que o órgano ao que se propón a aprobación é o competente.</p>	<p>O órgano competente é o Pleno por superar o gasto o 10 por cento dos recursos correntes do orzamento para o ano corrente. Non supera os seis millóns de euros, nin os catro anos, cando a suma das anualidades non superan os importes nin as porcentaxes anteriores, en aplicación da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local por acordo de 26 de marzo de 2021, a para realización dos trámites e adopción de acordos que sexan necesarios para a adxudicación do contrato.</p>
<p>3. Que ao tratarse de gastos con financiación afectada, que os recursos que os financian son executivos e que se acredita a súa efectividade coa existencia de documentos fehacientes.</p>	<p>A través dos fondos propios do Concello, da axuda concedida pola Xunta de Galicia a través do Plan Concertado da axuda concedida pola Deputación de A Coruña a través do Programa de Financiamento dos Servicios Sociais Municipales e polas propias persoas usuarias a través de la tasa correspondiente.</p>

4. Ao tratarse de gastos de carácter plurianual, que se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRHL.	Conforme
5. Que o expediente de compromiso de gasto responde a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente	Autorización e disposición de gasto simultánea por tratarse de modificacións do contrato

2º. Extremos adicionais no caso de modificación de contrato

No caso de modificacións previstas según o artigo 204 de la Lei de Contratos do Sector Público: Que a posibilidade de modificar o contrato encontrase prevista nos pliegos - Que non se supera o límite previsto nos mesmos Que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato	Cláusula 21 (ata 20% por incremento beneficiarios) Conforme (20%) Conforme
No caso de modificacións non previstas, o que non se axusten ao establecido no artigo 204: Que se acompaña informe técnico xustificativo de los extremos previstos en el artículo 205 de la Lei de Contratos del Sector Público Que non se superan os porcentaxes máximos previstos en dito artigo.	Non procede
Que existe informe do Servicio Xurídico.	Cumpre Informe da Secretaria anexo ao expediente

CONCLUSIÓNS.

Infórmase favorablemente a proposta nos extremos sinalados, condicionado á presentación da garantía complementaria por importe de 10.879,5 euros correspondente ao modificado.

O Interventor

Enterada

Francisco Fernández Armada

A Alcaldesa”

En data 26/09/2022, a Xunta de Goberno Local, previo ditame favorable da comisión de benestar social de data 21/09/2022, acorda incoar o expediente de modificación do contrato, dar audiencia ao contratista e constituír a garantía correspondente.

Consta escrito con RE núm.202299900001685, de data 30/09/2022, presentado pola empresa Mayores Servicios Sociales,S.L., no que manifestan a conformidade co modificado e achegan garantía complementaria, por importe de 10.879,50 euros.

Consta informe xurídico emitido polo secretario municipal, de data 03/10/2022, que se transcribe literalmente:

“INFORME JURÍDICO:

EXPTE: 2021/C004/000002.



ASUNTO: MODIFICADO DEL CONTRATO ADMINISTRATIVO DEL SAF.

Legislación aplicable:

- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo de 26 de febrero de 2014 sobre Contratación Pública y por la que se deroga la Directiva 2004/18/CE.
 - - Reglamento de Ejecución (UE) 2016/7 de la Comisión, de 5 de enero de 2016, por el que se establece el formulario normalizado del documento europeo único de contratación.
 - - Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público -LCSP 2017-.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas -RGLCAP-.
- Ley 7/85 de 2 de abril - LBRL-.
- Ley 39/2015 de 1 de octubre -LPACAP-.

Antecedentes:

- El 15 de noviembre de 2021 se formaliza el contrato citado.
- Se propone, por informe del responsable del contrato de fecha 12 de septiembre de 2021, modificado del 20% del precio del contrato en los términos dispuestos en la cláusula 21.3 del pcap. Dicho informe goza de presunción de certeza y validez.
- **En sesión celebrada el 26 de septiembre de 2022, la JGL acuerda incoar expediente contradictorio de modificación del contrato por el máximo porcentaje previsto convencionalmente sobre el precio del mismo (20%), previo dictamen de la Comisión Informativa correspondiente.**
- **El 29 de septiembre de 2022 el interesado/contratista manifiesta su conformidad con el modificado y aporta ampliación de garantía definitiva correlativa al mismo.**

Consideraciones Jurídicas:

PRIMERA.- Se emite este informe por prescripción legal derivada de lo establecido en la Disposición Adicional 3ª.8 de la LCSP en relación con el art. 3 del Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo y art.54 del TRRL.

El contrato informado fue adjudicado el 20 de octubre de 2021 por acuerdo de JGL por delegación plenaria y formalizado el 15 de noviembre de ese mismo año, por lo es de aplicación a su ejecución lo previsto en la LCSP conforme su Disposición Transitoria 1ª.

Por tanto, nos encontramos ante un supuesto de ius variandi de la administración cuyo régimen jurídico se encuentra contenido en los arts. 191 y 192, 205, 206, 207 y 242 de la LCSP y art. 102 y 158 a 162 del RLCAP.

Al ser una materia muy sensible ya que la modificación de los contratos puede derivar de actuaciones negligentes o interesadas que impidan una adecuada prestación del mismo en relación con las previsiones presupuestarias, hay que considerarla de manera restrictiva ya que perjudican la igualdad de oportunidades con contratistas no adjudicatarios que podrían haber optado a la ejecución en los nuevos términos de precio y plazo como es el caso.

Así, en la LCSP nos encontramos con dos tipos de modificaciones por razones de interés público: las convencionales y las legales.



En el caso que nos ocupa, y dada la vinculación como *lex inter partes* del contenido de los pliegos cuyas cláusulas y condiciones son aceptadas de forma incondicionada ex art. 139 de la LCSP, estaríamos ante una modificación convencional y por tanto obligatoria para el contratista a la vista de la cláusula 21.3 del pcap que establece:

Se prevé un 20% de modificaciones respecto al precio del contrato, el cual ha sido tenido en cuenta a la hora de calcular el valor estimado del mismo.

SEGUNDA.- PROCEDIMIENTO:

Al estar ante una modificación convencional de las previstas en el art. 204 de la LCSP, el procedimiento para llevar a cabo la misma será el previsto en el pcap al regir el principio de libertad de forma también en la contratación pública ex art. 34 de esta norma.

Así lo dispone el art. 203.2^a) de la LCSP.

Según la cláusula 21.2 del pcap que rige la ejecución del presente contrato el procedimiento será el siguiente:

- 1) Resolución de inicio de expediente de modificación del contrato por el órgano de contratación.
- 2) Audiencia al contratista por un plazo de 3 días hábiles.
- 3) Informe jurídico.
- 4) Informe de fiscalización.
- 5) Propuesta de resolución de modificación por el órgano de contratación.
- 6) Resolución motivada del órgano de contratación
- 7) Notificación al contratista, y a los restantes licitadores. Publicación en el Perfil del Contratante.
- 8) Formalización de la modificación

TERCERA.- Hay que tener en cuenta a efectos formales lo previsto además en el art. 102 del RLCAP que dispone que cuando sea necesario introducir alguna modificación en el contrato, se redactará la oportuna propuesta integrada por los documentos que justifiquen, describan y valoren aquélla. La aprobación por el órgano de contratación requerirá la previa audiencia del contratista y la fiscalización del gasto correspondiente.

La formalización deberá realizarse al tenor del art. 36; 203.3 y 153 de la LCSP, con reajuste de garantía en los términos dispuestos en el art. 109 de la LCSP de lo que se deberá dejar constancia en el acuerdo ad hoc (15 días naturales desde notificación del modificado. Disposición Adicional 15^a de la LCSP).

Además, al estar ante un contrato armonizado y sujeto al Recurso especial en materia de contratación, deberá cumplirse con el plazo preclusivo de 15 días hábiles para formalizar el acuerdo de modificación que forma parte de los actos recurribles ex art. 44.2.d) de la LCSP.

CUARTA.- El órgano competente para resolver sobre esta modificación sería el Pleno de la corporación como órgano de contratación conforme dispone la Disposición Adicional 2^a de la LCSP, sin perjuicio de la delegación de la ejecución de la misma adoptada en sesión plenaria celebrada el 26 de marzo de 2021 en la JGL.



La adopción del acuerdo deberá ser previamente informado por la Comisión Informativa correspondiente a la vista del art. 113.1.e) del ROF dando cuenta al pleno como órgano delegante ex art. 115 de esta norma.

Asímismo, deberá anunciarse el modificado en el DOUE del tenor del art. 207 de la LCSP y publicarse un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación.

Todo ello, sin perjuicio de publicitar en el portal de transparencia conforme la obligación de información activa prevista en el art. 8 de la Ley 19/2013 de 9 de diciembre.

Conclusiones:

Se informa favorablemente con las observaciones vertidas, la modificación propuesta para su aprobación/resolución final por el órgano competente.

El Secretario

Visto, la Alcaldesa

Francisco Javier Novoa Juiz

Mónica Rodríguez Ordóñez"

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais.

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2,b) da LBRL, e 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e na Resolución da Alcaldía núm. 767/2019, de 02/07/2019, de delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto e sometido o asunto a votación, a Comisión de Benestar Social, por unanimidade dos seus membros, emite ditame favorable ao seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar a modificación do contrato administrativo do servizo de axuda no fogar do Concello de Vimianzo, que se formalizou coa empresa Mayores Servicios Sociales,S.L., segundo o establecido no art. 204 e 203.2ª da LCSP e do establecido na cláusula 21.4 do PCAP, sendo a modificación, resultante:

Importe contrato inicial: TOTAL (anual): 558.140,70 euros (IVE incluído)
TOTAL (2 anos): 1.116.281,4 euros (IVE incluído)

Importe modificación: TOTAL (anual): 111.628,14 euros (IVE incluído) modificación do 20%.

TOTAL (2 anos): 223.256,28 euros (IVE incluído)

Segundo.- Notificar este acordo ao adxudicatario, ao responsable do contrato e comunicarllo aos servizos económicos para o seu coñecemento e efectos oportunos.



Terceiro.- Proceder á formalización do modificado, no prazo mínimo de 15 días hábiles, dende a notificación deste acordo.

Cuarto.- Dar conta expresa deste acordo ao órgano delegante, Pleno da corporación, no vindeiro Pleno ordinario que se celebre.

Quinto.- Publicar este acordo na plataforma de contratos do sector público, no portal de transparencia e no DOUE.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o citado ditame, elevándoo a acordo nos seus propios termos.”

O pleno do Concello douse por enterado.

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 22-09-2022 con número 1156/2022 ata o día 26-10-2022 con número 1306/2022.

O Pleno do Concello douse por enterado.

6º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

7º. Rogos e preguntas.

D^a. Raquel Rodríguez pregunta respecto a un Muro en Carnés sobre o cal xa interpelara cerca da escola co fin de saber se se fixo algún tipo de xestión.

D^a. Marta Rodríguez non vai facer rogos ou preguntas.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que se tiveron reunións co párroco xa que o arzobispado é o dono de dito muro, hai que dialogar xa que en vía xudicial perdeuse con costas a usucapión. Traslada que se vai a ter reunión co episcopado, por Cereixo e Carnés, e que o muro é complexo e precisa unha forte inversión.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:24 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz